

Este é o 2º ano que participamos na actividade **Carrreira Quilómetros de Solidariedade** que organiza unha ONG que traballa a nivel mundial a favor da infancia. Esta vez vamos axudar a que **moitos nenos e nenas do Sahel** superen a desnutrición e a que as súas familias poidan loitar contra a fame ata que chegue a próxima colleita.



O **Sahel** é unha rexión de África que vai dende o Oceano Atlántico ata o “**cornio de África**”. O seu nome en árabe significa fronteira, xa que está entre o deserto do Sahara e a sabana de África Central, unha zona ampla formada por Burkina, Faso, Malí, Mauritania, Níxer, Nixeria, Senegal, Sudán e os países que forman o “**cornio**”.

África Occidental é un dos peores lugares do mundo para nacer, pois **máis de 18 millóns de persoas**, a maioría **nenos e nenas**, atópanse no medio dunha **crise alimentaria**. Co noso esforzo colaboramos a que lles cheguen os alimentos e as menciñas que necesitan para sobrevivir á fame que están a padecer.

GRAZAS POR AXUDAR!

30 de xaneiro 2013
*Día Escolar da non
violencia
e da
Paz*





*Facede a Paz nos
vosos corazóns,
no voso fogar,
e iso daravos a forza
necesaria
para lanzarvos á loita
pola Paz mundial.*

Phill Bosmans

BIBLIOTECA CEIP DE CERVO

<http://bibliocervo.blogspot.com.es/>

Lecturas



El cazo de Lorenzo
Isabelle Carrier

